



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa  
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

MD85PRO01

Programación de

REPENTIZACIÓN E ACOMPAÑAMENTO

Modelo. Programación. MD85PRO01. 01/09/2017. 1





## Índice

---

<b>1.</b>	<b>Introdución.....</b>	<b>3</b>
<b>1.</b>	<b>Metodoloxía.....</b>	<b>5</b>
<b>2.</b>	<b>Atención á diversidade.....</b>	<b>7</b>
<b>3.</b>	<b>Temas transversais.....</b>	<b>9</b>
	3.1 Educación en valores.....	9
	3.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s).....	10
<b>4.</b>	<b>Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....</b>	<b>11</b>
<b>5.</b>	<b>Secuenciación do curso.....</b>	<b>11</b>
	5.1 Curso: 4º.....	11
	1.1 Curso: 5º.....	16
	1.2 Curso: 6º.....	21
<b>6.</b>	<b>Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....</b>	<b>26</b>
<b>7.</b>	<b>Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....</b>	<b>27</b>
<b>2.</b>	<b>ANEXOS.....</b>	<b>28</b>
	7.1 Probas de acceso 1º de grao profesional.....	28
	7.2 Probas de acceso a outros cursos.....	28
	7.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	30





## 1. **Introdución**

---

### ▪ Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- ORDE do 29 de setembro de 2015 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- CIRCULAR 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- ORDE do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- DECRETO 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.





- ORDE do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.
  - ORDE do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
  - DECRETO 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
  - CIRCULAR 9/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
  - Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
  - Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/2021 (versión do 22 de setembro de 2020).
- 
- Características do centro

A cidade de Santiago de Compostela, na que se sitúa este conservatorio conta na actualidade no seu ámbito musical con unha Orquestra Sinfónica profesional, a Real Fiharmonía de Galicia, con un nivel moi alto e unha programación estable coa súa sé





no Auditorio de Galicia, unha sala de concertos que atrae actuacións de gran calidade ao longo do ano e que fai que a cidade conte con unha programación musical estable. Conta tamén con unha Banda de Música Profesional, A Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela, e outras agrupacións non profesionais como o Orfeón Terra Nosa, a Orquestra da USC, etc.

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela atópase situado ao norte da cidade e foi construído no ano 2004. É polo tanto un edificio de nova creación, arquitectonicamente moi vistoso, e con moita luz pero moi reducido para a demanda existente neste momento. Depende organicamente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e nel impártense as materias de grao elemental e profesional que están reguladas nos Decretos 198/2007 e 203/2007 polos que se establece a ordenación dos respectivos graos das ensinanzas de réxime especial de música.

■

#### ■ Características do alumnado

O conservatorio conta cunha media de 500 alumnos/as. Nel conviven alumnos de características socioculturais e socioeconómicas moi distintas, temos por un lado o alumnado maioritariamente da cidade e do contorno mais próximo con un nivel sociocultural e económico moi variado que buscan no conservatorio unha formación musical complementaria aos seus estudos xerais. Por outro lado temos alumnado dun contorno mais afastado, procedente de escolas de música de lugares como Arca, Valga, Silleda, Vedra, Teo, Rianxo, etc., con unhas inquiredanzas distintas e moitas veces con un interese por completar os estudos profesionais e seguir cos estudos superiores de música, e nalgúns casos con un esforzo moito maior en canto a desprazamento. Aínda existe unha variable mais, Santiago de Compostela conta con un campus universitario que atrae alumnado procedente de outros conservatorios de Galicia que queren compatibilizar os seus estudos universitarios coa finalización dos estudos profesionais de música no Centro.





Todo isto da lugar a unha grande heteroxeneidade no alumnado en canto a dedicación, constancia no estudo, grao de implicación, etc., aspectos a ter en conta na organización do centro e na elaboración das programacións didácticas.

O curso 2019/2020 veuse influído pola emerxencia sanitaria derivada do COVID19, que supuxo a suspensión das clases presenciais no 3º trimestre. O alumnado e profesorado continuaron, na medida das posibilidades, co traballo a distancia, mediante clases online, envío de vídeos e con tarefas adaptadas ás circunstancias. Por iso, esta programación didáctica adáptase para poder realizar o traballo de xeito telemático sen que repercuta en gran medida na calidade do ensino.

## 1. Metodoloxía

---

A metodoloxía, nesta etapa da vida do estudante de música, xira ao redor de diferentes enfoques. Tales como o método de proxectos, que presenta ao alumnado situacións complexas con vistas a que intentes resolvelas dun xeito creativo, estimulando a imaxinación, a creatividade e a aplicación das súas propias experiencias. O alumnado partirá de globalizar, é dicir, de ter en conta todos os datos coñecidos (e que proveñen de distintas materias, incluso de diferentes niveis educativos, e dos seus propias coñecementos) con vistas a confrontalos para encontrar a mellor solución posible. Polo tanto, non se proporcionan directamente os coñecementos, se non que se lles ensina a manexar os que xa posúen para que poidan descubrir, coa axuda do profesorado, outras cousas.

A aprendizaxe por descubrimento é un método co que alumnado extrae as súas propias conclusións a partir da observación e rexistro de información, construíndo deste xeito o seu propio aprendizaxe.

Á vez, o método científico parte da presentación do problema, seguido da formulación dunha hipótese, proba a través dun experimento, introdución das





conclusións na teoría inicial e reaxuste da hipótese. Este último ten gran incidencia nestas ensinanzas debido á continua interacción práctica-teoría, o que unido ao desenvolvemento dos coñecementos do alumnado, precisa dunha base empírica.

A aprendizaxe significativa parte dos coñecementos previos do alumnado e a continuación se desenvolven contidos de forma estruturada e coherente de xeito que a posibilidade de construír novos aprendizaxes dependa do xa aprendido, tendo en conta que cada novo aprendizaxe aumenta a súa capacidade de aprender. Esta aprendizaxe debe propiciar situacións que sexan motivadoras para o alumnado ou que favorezan a potenciación da motivación que sinte, de xeito natural, ante o fenómeno musical. Á vez, crear contextos de aprendizaxe que lles obriguen a ter presentes os contidos xa coñecidos e garantir a construción de aprendizaxes significativas e en espiral a través da necesidade de recordar os coñecementos adquiridos previamente. Por iso, faise necesario volver sobre os contidos impartidos que se relacionen co que se está estudando no momento, así como sobre os coñecementos aprendidos noutras materias que apoiem a adquisición de aprendizaxes en cada momento.

Salientar, asemade, a importancia de promover na aula un ambiente de intercambio, colaboración e interacción como motor de aprendizaxe.

## 2. Atención á diversidade

---

Ademáis, esta programación establece un Plan de Reforzo que vai destinado a todo o alumnado, para poder completar a formación do curso anterior (agás para o alumnado de 4º GP) que por mor da suspensión da actividade lectiva presencial, non puido completar os obxectivos e contidos do curso. Así pois, este plan de reforzo inluirá o traballo de materiais que axuden a complementar a formación.





### ***Alumnado extranxeiro.***

Os dous problemas mais destacados do tratamento do alumnado estranxeiro veñen dados pola comprensión do idioma e polas tradicións propias da súa cultura. En ocasións, o rexeitamento deste tipo de alumnado a certas actividades ven dado polas costumes da súa cultura (ou pola diferenza cos plan de estudos, nalgunhas zonas extremadamente ligados á práctica instrumental, case exclusivamente). O principio de integración para por cuidar as actividades presentadas, intentando aproveitar os coñecementos sobre determinados aspectos do currículo (por exemplo, os referidos a determinados elementos do ritmo, escalas ou sonoridades concretas, compositores do seu país...).

No que se refire á comprensión do idioma, e dado o carácter procedimental das nosas ensinanzas, non supón un gran obstáculo. En todos os casos coidarase que o alumnado inmigrante participe cos seus compañeiros e compañeiras nas actividades propostas, de xeito que a súa integración se vexa favorecida.

### ***Sobredotación***

Defínese como individuo superdotado a aquel que posúe aptitudes excepcionais e, polo tanto, é capaz dun rendemento superior á media. No Real Decreto 943/2003, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para o alumnado superdotado intelectualmente, trata no seu artigo 9 sobre os criterios xerais para flexibilizar a duración dos diversos graos, ciclos e niveis para o alumnado superdotado intelectualmente, nas ensinanzas de réxime especial. Dita flexibilización consistirá na súa incorporación a un curso superior ao que lle corresponda por idade, sempre que a redución destes períodos non supere a metade do tempo establecido con carácter xeral. Non obstante, e ante casos excepcionais, as Administracións educativas poderán adoptar medidas de







flexibilización sen tal limitación; naturalmente, esta flexibilización incorporará medidas e programas de atención específica cara este alumnado.

É preciso distinguir entre a superdotación intelectual e o talento. Unha persoa ten talento cando demostra aptitudes excepcionais para una faceta artística ou cognoscitiva. Polo tanto, xunto ás necesidades educativas dos superdotados comprendir as de aqueles individuos do grupo que teñan talento musical, no sentido de aceleración descrito no Real Decreto 943/2003, ou ben elaborando actividades de ampliación (é dicir, de maior dificultade que as previstas para o curso), de xeito que poida render segundo as súas propias capacidades.

### ***Alumnado con necesidades educativas especiais.***

A atención á diversidade chega ao seu máximo expoñente ao tratar ao alumnado con necesidades educativas especiais. Este tipo de discentes son persoas que presentan algún tipo de discapacidade, polo que poden precisar unha adaptación ao recursos materiais (tales como a necesidade de dispor o aula), ou unha adecuación dos elementos do currículo (reformulación dos obxectivos, co que supón de adaptación dos contidos e dos criterios de avaliación).

É evidente que a aptitude do individuo non está en relación coa discapacidade que sufra, (son coñecidos numerosos exemplos de compositores ou de intérpretes discapacitados), pero si é habitual que se considere, erradamente, que o suxeito non responderá de xeito igual aos estímulos musicais que o individuo plenamente capacitado. Nada mais lonxe da verdade, xa que como facultade humana a música provoca na persoa unha resposta gratificante, debida á sensibilidade. Pero, ademais, no alumnado discapacitado, a música pode ter outros importantes significados, xa que pode paliar esa discapacidade, axudando no proceso de integración, comunicación, estimulación (ou auto estimulación), ou sobre o xeito de asumir o seu problema





## 3. Temas transversais

---

### 3.1 Educación en valores

Educación moral e cívica.

Promoveranse actitudes de tolerancia e respecto tanto coa realización de exercicios en grupo como individuais.

Educación para a paz

Animarse a unha convivencia harmónica vendo as repercusións positivas da Música no mundo.

Educación para a saúde e a calidade de vida.

A través do piano, mostrarse como unha posición corporal correcta e o estudo da música en xeral, contribúen a mellorar a calidade de vida e a coidar nosa saúde.

### 3.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC 's)

O emprego das TIC responde á necesidade de recursos que se precisa na materia de Repentización para que o alumno traballe na casa, no aspecto rítmico y auditivo a través de materias interactivos adaptados ós seus coñecementos previos. Resultan moi útiles as actividades complementarias ou de recuperación na que os estudantes poden controlar o seu traballo e facilitar a autoavaliación. É frecuente a recomendación de determinadas páxinas, ou programas na rede.





No pasado curso, foi evidente a necesidade de ter un amplo coñecemento sobre as TICs para poder continuar ca labor docente de xeito telemático.

A biblioteca do centro dispón de varios equipos informáticos con conexión a Internet a disposición dos alumnos, xa que non todo o alumnado dispón de acceso a Internet.

### MODIFICACIÓNS NAS **NOF** DO CENTRO

1. Non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma calquer outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice, sexa con fins didácticos e así se teña recollido na Programación Didáctica da materia correspondente (apartado referente as TICs).
2. Non se permite o uso na aula ou fora dela de ningún programa ou aplicación informática que recopile ou faga uso de calquer dato do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e seguemento) agás CENTROSNET e TOKAPP, e a súas aplicación para dispositivos móbiles.
3. Poderanse utilizar outros programas ou aplicacións informáticas que non recopile nin faga uso de calquer dato do alumnado (metrónomo, afinador, etc.), se dita aplicación se así se recolle na Programación Didáctica da materia correspondente (apartado referente as TICs).
4. Para o uso de calquer outro programa ou aplicación informática do que non se faga mención na programación didáctica correspondente ou recopile ou faga uso de algún dato de carácter persoal ou referente ao seguemento ou avaliación do alumnado, deberáse pedir autorización expresa a cada alumno ou alumna, ou aos seus titores legais, de ser o caso.
5. No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do mobil ou de calquer outro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algún motivo de forza maior e xustificable, deberá pedirse autorización á Dirección do Centro.





## 4. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

---

Calquera actividade que queira levar a cabo o Departamento nesta materia, deberá estar adaptada ás instrucións das autoridades sanitarias e ás directrices que o centro en relación á situación do COVID19.

## 5. Secuenciación do curso

---

### 5.1 Curso: 4º

#### 5.1.1 Avaliación inicial

Na primeira semana do curso, o profesorado realizará unha avaliación inicial do alumnado para recoller datos sobre o estado emocional do alumnado, das dificultades que puideran ter a nivel de conexión a internet (por se fose preciso realizar docencia non presencial) e outros aspectos que considere de especial interese.

#### 5.1.2 Obxectivos

1.- Ler a primeira vista melodías con acompañamento sinxelo.

2.- Ler harmonicamente cos graos I,IV,V en todas as tonalidades.

Improvisar unha melodía e/ou o seu acompañamento cunha estrutura básica de oito compases realizada cos graos tonais en estado fundamental, en primeira e en segunda inversión.

3.- Transportar un fragmento breve a intervalos de segundas maiores ascendentes e descendentes.





4.- Realizar cifrado harmónico con contido de tríadas maiores e menores, aumentadas e diminuídas en todos os estados.

- Ensinanza Semipresencial ou Non presencial: no caso de que as circunstancias sanitarias así o requiran, os obexctivos específicos e imprescindibles que se deben traballar son: 2 e 3.

### 5.1.3 Contidos

1.- Realización de exercicios cunha harmonía única e con variantes rítmicas de progresiva dificultade. Para o acompañamento, utilización dos graos tonais en estado fundamental, primeira e segunda inversión.

2.- Lectura á primeira vista e a súa aplicación práctica de obras axeitadas ao nivel do alumno. No caso de que as obras estean formadas por movementos, entenderase por unha obra un movemento.

3.- Traballo da lectura harmónica.

• 4.- Traballo do transporte de fragmentos breves a intervalos de cuarta e quinta xustas, ascendentes e descendentes.

5.- Utilización e significado dos cifrados correspondentes a tríades maiores, menores, aumentadas e diminuídas en todas as inversións.

- Ensinanza Semipresencial ou Non presencial: no caso de que as circunstancias sanitarias así o requiran, os contidos específicos e imprescindibles que se deben traballar son: 1 e 3.





## 5.1.4 Avaliación

### Criterios de avaliación

1. Improvisación dunha melodía e o seu acompañamento cunha estrutura básica de oito compases realizada cos graos tonais en estado fundamental e en primeira inversión
2. Lectura a primeira vista de obras de acordo ao nivel do alumnado.
3. Realización dun cifrado harmónico con contido de tríades maiores e menores, aumentadas e diminuídas en estado fundamental e en todas as inversións.
4. Lectura harmónica.
5. Transportar un fragmento breve a intervalos de segundas maiores ascendentes e descendentes.
6. Lectura harmónica cun nivel similar ás traballadas no trimestre.
7. Transportar un fragmento breve a intervalos de cuarta e quinta xustas, ascendentes e descendentes.

### Mínimos esixibles

#### 1º TRIMESTRE

- Ler a primeira vista obras con melodía e acompañamento.
- Improvisar un acompañamento para unha melodía dada cos graos I, IV, V.
- 

#### 2º TRIMESTRE

- Ler a primeira vista obras con melodía e acompañamento e variar o acompañamento.
- Lectura a primeira vista dunha secuencia harmónica con os grados I, IV, V
- Improvisar sobre unha estrutura de cifrado americano.

#### 3º TRIMESTRE

- Realizar a primeira vista un baixo cifrado con acordes tríadas e todas as inversións.





- Transportar a primeira vista un fragmento musical a intervalo de segunda maior ascendente e descendente.
- Coñecer o cifrado barroco e as súas variantes para a realización dun exercicio.

### **Procedementos e ferramentas de avaliación**

As ferramentas de avaliación son o caderno de seguemento do alumnado, que nos indica todo o traballo que vai realizando o alumnado. Así mesmo, podense realizar probas na aula de carácter interno, que poderían ser de xeito telemático se as circunstancias así o requirisen.

### **Criterios de cualificación**

Dar un valor matemático de modo illado a cada un dos aspectos traballados, e por tanto susceptibles de ser avaliados, nas Ensinanzas Artísticas non é fácilmente aplicable dada a súa interrelación. Polo tanto, algúns dos criterios de avaliación fan referencia a bloques de coñecemento avaliados de forma conxunta. A distribución será:

20%: actitude fronte á materia e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos.

20%: calidade non estudo autónomo (regularidade, grao de esforzo e calidade de estudo na casa)

20%: repentización e lectura a primeira vista.

20%: realización de estruturas harmónicas, transporte e improvisación.

20%: realización de baixos cifrados.

### **Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

O procedemento para a solicitude e resolución de ampliación de matrícula pódese





consultar nas N.O.F do Centro (dispoñibles na páxina web).

Criterios para a ampliación de matrícula:

- Para a obtención da ampliación de matrícula na materia de Repentización, realizarase unha proba no que o alumno ou alumna realizará os exercicios marcados polo profesor. As porcentaxes para a avaliación dos exercicios serán:

- Improvisación: 25%
- Repentización: 25%
- Transposición: 25%
- Baixo Cifrado: 25%

A proba valorarase de 1 a 10 no que a partir do 5 a cualificación é positiva. É preciso ter superado todas as partes para proceder a ampliación de matrícula.

### 5.1.5 Medidas de recuperación

#### Procedementos de recuperación ordinarios

**Recuperación no caso de que a avaliación continua non sexa posible:** Segundo se reflicte no NOF, o sistema de avaliación para o alumnado que non poida avaliarse de forma continua por ausencias reiteradas ás sesións de clase é o seguinte está regulado.

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as







sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proa cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá na realización dunha serie de exercicios no que as porcentaxes para a avaliación dos serán:

- Improvisación: 25%
- Repentización: 25%
- Transposición: 25%
- Baixo Cifrado: 25%

### **Probas extraordinarias de setembro**

No caso de que o alumno non alcance os obxectivos do curso e obteña na avaliación de xuño unha cualificación inferior a 5, contará cunha proba extraordinaria en setembro que será debidamente informada en canto a obxectivos e contidos polo profesor correspondente, que versará en torno aos mínimos exixibles.

#### **5.1.6 Recursos didácticos**

1. *Ejercicios de acompañamiento*. Manuel Oltra. Editorial Boileau.
2. *Teoría y práctica del bajo cifrado*. Miguel Asins Arbó. Editorial Real Musical.
3. *Cuadernos de lectura a primera vista*. Ángel Barja. Unión Musical española.





4. *Improvisación al piano* volúmenes -4. Emilio Molina. Editorial Real Musical.
5. *Método de transposición*. Doupond. Editorial Boileau.
6. *Tratado de acompañamiento*. Camilo Williart. Editorial Real Musical.

## 1.1 Curso: 5º

### 1.1.1 Avaliación inicial

Na primeira semana do curso, o profesorado realizará unha avaliación inicial do alumnado para recoller datos sobre os obxectivos e contidos do curso anterior que deben ser reforzados por mor da suspensión das clases presenciais no terceiro trimestre. Así mesmo, tamén deberá ter en conta e recabar datos sobre o estado emocional do alumnado, das dificultades que puideran ter a nivel de conexión a internet (por se fose preciso realizar docencia non presencial) e outros aspectos que considere de especial interese.

### 1.1.2 Obxectivos

- 1.- Ler a primeira vista de obras contrapuntísticas.
  - 2.- Ler harmónicamente cos I, IV, V, V7 en todas as tonalidades.
  - 3.- Improvisar unha melodía e o seu acompañamento cunha estrutura básica de oito compases realizada cos graos I, IV, V, V7 en estado fundamental, en primeira e en segunda inversión.
  - 4.- Transportar un fragmento breve a intervalos de terceiras maiores e menores ascendentes e descendentes.
  - 5.- Realizar cifrado harmónico con contido de tríades maiores e menores, aumentadas, diminuídas e sétimas de dominante en todos os estados.
- - Reforzaranse no primeiro trimestre os obxectivos 1 e 4 do 4º curso de Grao Profesional.





- - Ensinanza Semipresencial ou Non presencial: no caso de que as circunstancias sanitarias así o requiran, os obxectivos específicos e imprescindibles que se deben traballar son: 2,3, e 5.

### 1.1.3 Contidos

- 1.- Traballo de estruturas rítmicas básicas: descrición da estrutura rítmica e realización de estruturas rítmicas de acompañamento e de solista.
  - 2.- Utilización dos graos tonais e acordes de sétima dominante en todas as inversións.
  - 3.- Traballo do proceso pregunta-resposta de acordo coas estruturas harmónicas.
  - 4.- Traballo da lectura á primeira vista e a súa aplicación práctica de obras adaptadas ao nivel do alumno. No caso de que as obras estean formadas por movementos, entenderase por unha obra un movemento.
  - 5.- Afondar na memorización da estrutura harmónica previa á lectura de fragmentos curtos.
  - 6.- Interpretación dos elementos substanciais derivados da análise.
  - 7.- Traballo do transporte de fragmentos breves a intervalos de terceiras maiores e menores, ascendentes e descendentes.
  - 8.- Utilización e significado dos cifrados básicos máis habituais na música moderna.
  - 9.- Realización de cancións de repertorio con ritmos variados e harmonías sinxelas.
- - Reforzaranse no primeiro trimestre os obxectivos 1 e 4 do 4º curso de Grao Profesional.
  - Ensinanza Semipresencial ou Non presencial: no caso de que as circunstancias sanitarias así o requiran, os contidos específicos e imprescindibles que se deben traballar son: 2 e 4.





#### 1.1.4 Avaliación

##### Criterios de avaliación

- Improvisación dunha melodía e o seu acompañamento cunha estrutura básica de oito compases realizada cos graos tonais e acordes de sétima dominante en todas as inversións.
- Lectura a primeira vista dunha obra dun nivel axeitado para o alumno.
- Transportar un fragmento breve a intervalos de segundas e terceiras maiores e menores, ascendentes e descendentes.
- Realización dunha canción cunha extensión de dezaseis compases con ritmos variados e harmonías sinxelas.

##### Mínimos esixibles

###### 1º TRIMESTRE

Ler a primeira vista dunha obra contrapuntística

Improvisar melodías sobre acompañamentos escritos.

Transportar obras ou fragmentos a diferentes tonos. (máximo 3 tonalidades)

###### 2º TRIMESTRE

Transportar a primeira vista un un fragmento musical a intervalo de terceira menor ou maior ascendente e descendente.

Coñecer e realizar un cifrado americano xunto ca súa melodía.

Improvisar un acompañamento a una melodía dado cós graos I, IV, V, V7

###### 3º TRIMESTRE

Realizar a primeira vista un baixo cifrado con acordes tríades e sétima de dominante en tódalas inversións





Ler a primeira vista dunha secuencia harmónica con os grados I, IV, V, V7.  
Realizar melodía e acompañamento sobre unha estrutura harmónica dada.

### **Procedementos e ferramentas de avaliación**

As ferramentas de avaliación son o caderno de seguemento do alumnado, que nos indica todo o traballo que vai realizando o alumnado. Así mesmo, podense realizar probas na aula de carácter interno, que poderían ser de xeito telemático se as circunstancias así o requirisen.

### **Criterios de cualificación**

Dar un valor matemático de modo illado a cada un dos aspectos traballados, e por tanto susceptibles de ser avaliados, nas Ensinanzas Artísticas non é fácilmente aplicable dada a súa interrelación. Polo tanto, algúns dos criterios de avaliación fan referencia a bloques de coñecemento avaliados de forma conxunta. A distribución será:

20%: actitude fronte á materia e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos.

20%: calidade non estudo autónomo (regularidade, grao de esforzo e calidade de estudo na casa)

20%: repentización e lectura a primeira vista.

20%: realización de estruturas harmónicas, transporte e improvisación.

20%: realización de baixos cifrados.

### **Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

O procedemento para a solicitude e resolución de ampliación de matrícula pódese consultar nas N.O.F do Centro (dispoñibles na páxina web).

Criterios para a ampliación de matrícula:





- Para a obtención da ampliación de matrícula na materia de Repentización, realizarase unha proba no que o alumno ou alumna realizará os exercicios marcados polo profesor. As porcentaxes para a avaliación dos exercicios serán:

- Improvisación: 25%
- Repentización: 25%
- Transposición: 25%
- Baixo Cifrado: 25%

A proba valorarase de 1 a 10 no que a partir do 5 a cualificación é positiva. É preciso ter superado todas as partes para proceder a ampliación de matrícula.

### 1.1.5 Medidas de recuperación

#### Procedementos de recuperación ordinarios

**Recuperación no caso de que a avaliación continua non sexa posible:** Segundo se reflicte no NOF, o sistema de avaliación para o alumnado que non poida avaliarse de forma continua por ausencias reiteradas ás sesións de clase é o seguinte está regulado.

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as



sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proa cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá na realización dunha serie de exercicios no que as porcentaxes para a avaliación dos serán:

- Improvisación: 25%
- Repentización: 25%
- Transposición: 25%
- Baixo Cifrado: 25%

### Probas extraordinarias de setembro

No caso de que o alumno non alcance os obxectivos do curso e obteña na avaliación de xuño unha cualificación inferior a 5, contará cunha proba extraordinaria en setembro que será debidamente informada en canto a obxectivos e contidos polo profesor correspondente, que versará en torno aos mínimos exixibles.

#### 1.1.6 Recursos didácticos

1. *Ejercicios de acompañamiento*. Manuel Oltra. Editorial Boileau.
2. *Teoría y práctica del bajo cifrado*. Miguel Asins Arbó. Editorial Real Musical.
3. *Cuadernos de lectura a primera vista*. Ángel Barja. Unión Musical española.
4. *Improvisación al piano volúmenes -4*. Emilio Molina. Editorial Real Musical.
5. *Método de transposición*. Doupond. Editorial Boileau.





## 6. *Tratado de acompañamiento*. Camilo Williart. Editorial Real Musical

### 1.2 **Curso: 6º**

#### 1.2.1 **Obxectivos**

- 1.- Ler a primeira vista de obras a catro claves.  
2.- Ler harmonicamente cos I, IV, V, e sétimas diatónicas en todas as tonalidades.  
3.- Improvisar unha melodía e o seu acompañamento cunha estrutura básica de oito compases realizada cos graos tonais e sétimas diatónicas en estado fundamental, en primeira e en segunda inversión.  
4.- Transportar un fragmento breve a calquera intervalo.  
5.- Realizar cifrado harmónico con contido de tríadas maiores e menores, aumentadas, diminuídas e sétimas de dominante en todos os estados con ritmos variados.  
6.- Ler cifrado americano.
- - Reforzaranse no primeiro trimestre os obxectivos 1 e 4 do 5º curso de Grao Profesional.  
- Ensinanza Semipresencial ou Non presencial: no caso de que as circunstancias sanitarias así o requiran, os obxectivos específicos e imprescindibles que se deben traballar son: 1, 2 e 6.

#### 1.2.2 **Contidos**

- 1.- Traballo de estruturas harmónicas básicas pequenas pezas.
- 2.- Utilización de grados tonais, sétima dominante e sétimas diatónicas en todas as inversións, acordes de novena de dominante e acordes sobre tónica.
- 3.- Traballo da lectura á primeira vista e a súa aplicación práctica de obras adaptadas ao nivel de cada alumno. No caso de que as obras estean formadas por movementos, entenderase por unha obra un movemento.
- 4.- Iniciación á lectura de partituras de conxunto.







5.- Traballo da Transposición.

6.- Afondar na lectura e transporte harmónico de partituras.

7.- Introducción ao cifrado americano.

- - Reforzaranse no primeiro trimestre os contidos 1, 3 e 8 do 5º curso de Grao Profesional.
- Ensinanza Semipresencial ou Non presencial: no caso de que as circunstancias sanitarias así o requiran, os contidos específicos e imprescindibles que se deben traballar son: 1, 3 e 7.

### 1.2.3 Avaliación

#### Criterios de avaliación

1. Improvisación dunha melodía e o seu acompañamento realizada cos graos tonais, acordes de sétima dominante e sétimas diatónicas en todas as inversión, acordes de novena de dominante e acordes sobre tónica.
2. Lectura a primeira vista dunha obra dun nivel axeitado para o alumno.
3. Realización dun transporte harmónico dun nivel similar aos traballados na clase.
4. Lectura dun fragmento dunha partitura de conxunto similar ás traballadas en clase.
5. Realización dunha estrutura harmónica libre dunha extensión de dezaseis compases.





## Mínimos esixibles

### 1º TRIMESTRE

Lectura a primeira vista dunha obra contrapuntística

Improvisar un acompañamento a una melodía dado cós graos tonais e séptimas diatónicas.

### 2º TRIMESTRE

Lectura a primeira vista dunha secuencia harmónica con os grados tonais e séptimas diatónicas.

Transportar a primeira vista un fragmento musical a intervalo de terceira menor ou maior ascendente e descendente.

### 3º TRIMESTRE

Realizar a primeira vista un baixo cifrado con acordes tríades e séptima de dominante en tódalas inversións con ritmos variados.

Ler unha peza con cifrado americano e desarrollala musicalmente.

## Procedementos e ferramentas de avaliación

As ferramentas de avaliación son o caderno de seguemento do alumnado, que nos indica todo o traballo que vai realizando o alumnado. Así mesmo, podense realizar probas na aula de carácter interno, que poderían ser de xeito telemático se as circunstancias así o requirisen.

## Criterios de cualificación

Dar un valor matemático de modo illado a cada un dos aspectos traballados, e por tanto susceptibles de ser avaliados, nas Ensinanzas Artísticas non é fácilmente aplicable dada a súa interrelación. Polo tanto, algúns dos criterios de avaliación fan referencia a bloques de coñecemento avaliados de forma conxunta. A distribución será:

20%: actitude fronte á materia e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos.





20%: calidade non estudo autónomo (regularidade, grao de esforzo e calidade de estudo na casa)

20%: repentización e lectura a primeira vista.

20%: realización de estruturas harmónicas, transporte e improvisación.

20%: realización de baixos cifrados.

### **Criteria para a concesión de ampliación de matrícula**

O procedemento para a solicitude e resolución de ampliación de matrícula pódese consultar nas N.O.F do Centro (dispoñibles na páxina web).

Criteria para a ampliación de matrícula:

- Para a obtención da ampliación de matrícula na materia de Repentización, realizarase unha proba no que o alumno ou alumna realizará os exercicios marcados polo profesor. As porcentaxes para a avaliación dos exercicios serán:

- Improvisación: 25%

- Repentización: 25%

- Transposición: 25%

- Baixo Cifrado: 25%

A proba valorarase de 1 a 10 no que a partir do 5 a cualificación é positiva. É preciso ter superado todas as partes para proceder a ampliación de matrícula.





## 1.2.4 Medidas de recuperación

### Procedementos de recuperación ordinarios

**Recuperación no caso de que a avaliación continua non sexa posible:** Segundo se reflicte no NOF, o sistema de avaliación para o alumnado que non poida avaliarse de forma continua por ausencias reiteradas ás sesións de clase é o seguinte está regulado.

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proa cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá na realización dunha serie de exercicios no que as porcentaxes para a avaliación dos serán:

- Improvisación: 25%
- Repentización: 25%
- Transposición: 25%
- Baixo Cifrado: 25%





## Probas extraordinarias de setembro

No caso de que o alumno non alcance os obxectivos do curso e obteña na avaliación de xuño unha cualificación inferior a 5, contará cunha proba extraordinaria en setembro que será debidamente informada en canto a obxectivos e contidos polo profesor correspondente, que versará en torno aos mínimos exixibles.

### 1.2.5 Recursos didácticos

1. *Ejercicios de acompañamiento*. Manuel Oltra. Editorial Boileau.
2. *Teoría y práctica del bajo cifrado*. Miguel Asins Arbó. Editorial Real Musical.
3. *Cuadernos de lectura a primera vista*. Ángel Barja. Unión Musical española.
4. *Improvisación al piano volúmenes -4*. Emilio Molina. Editorial Real Musical.
5. *Método de transposición*. Doupond. Editorial Boileau.
6. *Tratado de acompañamiento*. Camilo Williart. Editorial Real Musical.

## 6. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.

---

Os criterios de avaliación reflectidos nesta programación seguiranse da seguinte maneira::

- Observación sistemática e diaria durante as sesións de clase, rexistrando datos precisos do traballo de cada alumno no caderno do profesor. Neste reflectirse a evolución do alumno, o traballo realizado no seu estudo persoal, o grao do cumprimento dos obxectivos e as incidencias.
- Probas puntuais. Realizaranse probas nas que se valorarán a adquisición por parte do alumnado dos obxectivos e contidos aplicables a cada curso.





## 7. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

---

A avaliación do labor docente supón un dos tres elementos a avaliar dentro do noso sistema educativo xunto co proceso de aprendizaxe e a programación didáctica.

O profesorado que imparte a materia, nunha posta en común, analizará, os datos e resultados acadados polo alumnado e revisará a programación didáctica se así se precisa coa fin de mellorar os resultados acadados.

Para levar a cabo este proceso contarase tamén coa análise das enquisas de satisfacción do alumnado como vía alternativa ás clases para obter datos directos relativos á súa función.





## 2. ANEXOS

---

### 7.1 Probas de acceso 1º de grao profesional

Non procede

### 7.2 Probas de acceso a outros cursos

Poderase acceder a calquera outro curso das ensinanzas profesionais sen ter cursado os anteriores sempre que, a través dunha proba, a persoa aspirante demostre posuír os coñecementos necesarios para cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes.

*Esta proba constará de dous exercicios:*

**1 Interpretación**, no instrumento ou coa voz, de tres obras de diferentes estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das que, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.

**2 Exercicio teórico-práctico** para valorar os coñecementos das materias dos cursos anteriores ao que se opte. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar. A materia de repentización e acompañamento intégrase neste exercicio.





## Contidos

- Improvisación dunha melodía e o seu acompañamento cunha estrutura básica de oito compases realizada cos graos tonais e acordes de sétima dominante en todas as inversións.
- Lectura a primeira vista dunha obra dun nivel axeitado ao alumno. Análise oral dos elementos substanciais da obra.
- Transportar un fragmento breve a intervalos de cuarta e quinta xustas, ascendentes e descendentes.
- Realización dunha canción cunha extensión de dezaseis compases con ritmos variados e harmonías sinxelas.

## Criterios de avaliación e cualificación

As diferentes partes que compoñen a materia de repentización e acompañamento suporán a media da nota na proba de acceso xunto co resto de materias teórico-prácticas, tendo en conta que o alumnado deberá obter a cualificación de cinco en cada unha das partes anteriormente referidas.

A puntuación definitiva da proba citada nos apartados anteriores será a media ponderada da cualificación obtida en ambos os exercicios (a interpretación no instrumento principal e a proba teórico-práctica). Para estes efectos ponderarase o primeiro deles nun 70 por cento, e o segundo nun 30 por cento.

A superación da proba de acceso faculta exclusivamente para se matricular no curso académico en que fora convocada.





### 7.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao

Segundo a *Orde do 10 de marzo de 2009, polo que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honor e premio de fin de grao para as ensinanzas de música e danza*, o premio fin de grao concederáse ao alumnado que cumpra os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.
- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin.

O departamento didáctico correspondente a especialidade instrumental do alumno/a establecerá os criterios valorativos para a obtención de dito premio.

